

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

2119 *Real decreto 128/2015, do 27 de febreiro, polo que se modifica o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, en materia de tipo de xuro aplicable para o cálculo da provisión de seguros de vida.*

Mediante este real decreto modifícase o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, co fin de adaptar o tipo de xuro para o cálculo da provisión de seguros de vida recollido no artigo 33, nos números 1.a).1.º e 1.b).1.º, para obter uns tipos máis próximos aos que resultarían aplicando o novo réxime de Solvencia II regulado na Directiva 2009/138/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, sobre o seguro de vida, o acceso á actividade de seguro e de reaseguro e o seu exercicio. Ao mesmo tempo, trátase de evitar que a caída de tipos no mercado supoña para as entidades aseguradoras unha exixencia de maiores dotacións de provisións técnicas que se podería trasladar aos asegurados vía aumento de primas e, en consecuencia, supoñerlles un maior custo. Hai que ter en conta que o réxime de Solvencia II, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2016, prevé un período transitorio de dezaseis anos para que a adaptación resulte progresiva. Esta adaptación progresiva que permite a directiva quedaría desvirtuada para as entidades españolas se en 2015 teñen que aplicar os tipos resultantes da vixente redacción do artigo 33.1 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados.

Deste xeito increméntase o tipo de xuro máximo orixinal no 50 por cento da diferenza entre o tipo de xuro publicado pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións para o exercicio anterior ao exercicio en que resulte de aplicación e o tipo de xuro que resulte da curva euroswap no punto da curva 11 anos en 31 de decembro do exercicio anterior ao exercicio en que resulte de aplicación. Elixiuse a referencia da curva 11 anos por ser a duración media das carteiras de vida. A partir do exercicio 2016, será de aplicación a nova metodoloxía de cálculo que establece Solvencia II e que se trasporá ao noso ordenamento xurídico.

Este real decreto dítase en uso da autorización contida na disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de febreiro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro.*

Modifícase o ordinal 1.º das alíneas a) e b) do artigo 33.1 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, que quedan redactados como segue:

«1. O tipo de xuro aplicable para o cálculo da provisión de seguros de vida non poderá ser superior aos seguintes límites:

a) Nos seguros expresados en euros poderase optar entre:

1.º O 60 por 100 dos tipos de xuro medios do último trimestre do exercicio anterior ao exercicio en que resulte de aplicación dos empréstimos materializados

en bonos e obrigacións do Estado, incrementado no 50 por cento da diferenza entre o tipo de xuro publicado pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións para o exercicio anterior ao exercicio en que resulte de aplicación e o tipo de xuro que resulte da curva euroswap no punto da curva 11 anos en 31 de decembro do exercicio anterior ao exercicio en que resulte de aplicación. O cálculo anterior non poderá exceder o 60 por 100 dos tipos de xuro medios do último trimestre do exercicio anterior ao que resulte de aplicación dos empréstitos materializados en bonos e obrigacións do Estado a vinte anos ou máis.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións publicará na súa páxina web o tipo de xuro resultante da aplicación do criterio anterior.

b) Nos seguros expresados en moeda distinta ao euro poderase optar entre:

1.º O 60 por 100 dos tipos de xuro medios do último trimestre do exercicio anterior ao exercicio en que resulte de aplicación dos empréstitos materializados en bonos e obrigacións do respectivo Estado, incrementado no 50 por cento da diferenza entre o tipo de xuro publicado pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións para o exercicio anterior ao exercicio en que resulte de aplicación e o tipo de xuro que resulte da curva euroswap no punto da curva 11 anos en 31 de decembro do exercicio anterior ao exercicio en que resulte de aplicación. O cálculo anterior non poderá exceder o 60 por 100 dos tipos de xuro medios do último trimestre do exercicio anterior ao que resulte de aplicación dos empréstitos materializados en bonos e obrigacións do respectivo Estado a vinte anos ou máis.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións publicará na súa páxina web o tipo de xuro resultante da aplicación do criterio anterior.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.11.^a e 13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre as bases da ordenación de crédito, banca e seguros e sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2015.

Dado en Madrid o 27 de febreiro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Economía e Competitividade,
LUIS DE GUINDOS JURADO